



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e seis de marzo de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Celeste Nieto García, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusa a non asistencia os concelleiros D^a. M^a Mar Villaverde Rosales e D. Alberto Villaverde Méndez e a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3796.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 26 DE FEBREIRO DE 2013.- Pola Secretaria presente na sesión de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta número 483 do 26 de febreiro de 2013 e non suscitándose ningunha reclamación contra a mesma esta queda aprobada por trece votos a favor sendo dezasete o seu número legal de membros.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓN S O CONCELLEIRO D. MANUEL DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ.

3797.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3793.- NOMEAMENTO REPRESENTANTE TÉCNICO E SUPLENTE NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE NA ÁREA DE IGUALDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade na Área de Igualdade; 3794.- CAMBIO DENOMINACIÓN VÍAS EN VILARIÑO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Diario de Pontevedra e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3795.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE, EN RELACIÓN AO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, Goberno do Estado e aos Grupos Parlamentarios de Galiza.”.

A Corporación dáse por enterada.

3798.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presenta na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros xunto co orde do día; A corporación dáse por enterada,

3799.- URBANISMO,EXP. 280/12 SOLICITUDE BONIFICACIÓN ICIO PREENTADA POR P.M.B.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a instancia de D^a. P.M.B na que solicita que se lle conceda a bonificación do 95% do ICIO prevista no artigo 4 parágrafo 5 a) da ordenanza reguladora.

Incorporado ao expediente informe favorable emitido pola Interventora Municipal de data 19 de febreiro de 2013 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 18 de marzo de 2013 emitíndose ditame favorable.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou ditame emitido pola comisión informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 280/12, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada correspondente ao expediente 280/12 de D^a. P.M.B.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo á interesada con indicación dos recursos que procedan.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN O CONCELLEIRO D. JAVIER DOMÍNGUEZ LINO.

3800.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de marzo de 2013 e que di o seguinte: “Dáse conta do informe da Intervención Municipal de data 5 de marzo de 2013 e d Decreto da Alcaldía de data 6 de marzo de 2013 pola que se presta aprobación á Liquidación do Orzamento ordinario do exercicio económico 2012 de conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais correspondente ao exercicio 2012 e que di o seguinte: “ACORDO:

Aprobar a citada Liquidación do Orzamento de 2012 na forma en que foi redactada e que presenta o seguinte:

- ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

ORZAMENTO DE GASTOS	EUROS
Créditos iniciais	9661891,34
Modificacións	1109401,98
Créditos definitivos	10771293,32
Obrigacións recoñecidas	10252386,57

Pagos realizados	9338835,88
------------------	------------

- ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

ORZAMENTO DE INGRESOS	EUROS
Previsións iniciais	9936000
Modificacións	1109401,98
Previsións definitivas	11045401,98
Dereitos recoñecidos	10447038,94
Dereitos anulados	72990,76
Dereitos recoñecidos netos	10374048,18
Recaudación neta	9848655,29

-RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EXERCICIO

- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS: 10.374.048,18€

- OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS: 10.252.1386,57€

Resultado orzamentario antes de axustes: 121.661,61€

Axustes por desviacións positiva: 0€

Axustes por desviacións negativa: 195.746,64€

Axustes por obrigas financiadas con remanente para gastos xerais: 254.283,33€

Resultado despois de axustes: 571.691,58€

- REMANENTE DE TESOURERÍA.

O Remanente de Tesourería é o seguinte:

DEUDORES PENDENTES DE COBRO AO FINALIZAR O EXERCICIO: 1.144.212,75€

- Do orzamento corrente: 525.392,89€

- De orzamentos pechados: 582.928,90€

- De operacións non orzamentarias: 82.959,16€

Minoración polo importe pendente de aplicación, segundo a regra 85.5 da ICAL, o saldo da conta 554 e 559 debe minorar o pendente de cobro, e cando dito saldo corresponde a dereitos pendentes de cobro recollidos nas contas que contempla a regra mencionada: o importe dos ingresos pendentes de aplicación ascende a 47.068,20€.

OBRIGAS PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO: 2.014.726,28€

- Do exercicio corrente: 913.550,69€

- De exercicios pechados. 512.686,32€

- De operacións non orzamentarias: 595.655,27€

As obrigas pendentes de pago deben ser minoradas polos pagos pendentes de aplicación definitiva, recollido o saldo nas contas 555 e 558.1 e o seu importe é 7.166,00€.

3) FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA AO FINAL DO EXERCICIO: 1.948.795,98€

REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL: 1.078.282,45€

O exceso de financiamento afectado será de 133.745,34€.

O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS calcúlase, segundo as variacións introducidas por a Orde Ministerial 40/41, 2004 de 23 de novembro por a que se aproba o modelo normal da Instrución de Contabilidade para a Administración Local, como o resultado de minorar o Remanente

de Tesourería Total no importe do exceso de financiamento afectada e o importe dos dereitos de dubidoso cobro.

O importe dos dereitos de difícil ou imposible recadación (de dubidoso cobro) ascende a 471.619,99€ e se calcula, segundo o estipulado na Base 45ª de execución do orzamento segundo o importe dos dereitos pendentes de cobro de contía superior a un ano.

O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS será 472.917,12€.

AFORRO NETO:

O aforro neto do ano 2012 derivado da liquidación do exercicio 2012 é o seguinte:

(+) Dereitos Recoñecidos Netos (Capítulo I a o V)= 10.230.628,51€

(-) Obrigas recoñecidas netas (Capítulos I, II e IV)= - 8.284.815,86(*)

(-) Anualidade Teórica de amortización = - 757.080,57

Aforro neto: 1.188.732,08€

(*) do importe das obrigas recoñecidas dos capítulos I, II e IV (8.539.099,19€) se minora con aquelas que foran financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais que ascenden a 254.283,33€.”

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do Decreto da Alcaldía de data 6 de marzo de 2013 polo que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2012, e por tanto realizado o trámite ao que se refire o art. 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

3801.- ESCRITO DA SCD SAMIEIRA SOLICITANDO A POSIBILIDADE DE NOMEAR A INTERSECCIÓN DO CAMIÑO DO CRUCEIRO E O CAMIÑO REAL, DO LUGAR DE ARÉN COMO “PRAZA AMALITA”.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia presentada pola SCD Samieira con data de Rexistro o 28/02/2013 número 1053 na que solicitan que se estude a posibilidade de nomear a praza de Arén, sita na intersección do cmño. Do Cruceiro e o cmño. Real como “ Praza Amalita” nome co cal se fai referencia a dito lugar dende hai moito tempo.

Con data 18 de marzo de 2013 sométese dito expediente á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas que ditamina favorablemente o inicio do expediente dos correspondentes informes dos servizos técnicos municipais.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou aprobar o ditame emitido pola comisión informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Iniciar expediente para o nomeamento da praza de Arén, sita na intersección do cmño. Do Cruceiro e o cmño. Real como “ Praza Amalita” .

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Unidade de Estatística do Concello, para a realización dos trámites sucesivos do expediente.

3802.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE A PROL DA CULTURA GALEGA.- Pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura a moción conxunta do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e do PSOE a prol da Cultura Galega con data de rexistro o 8 de marzo de 2013, numero 1212 e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura de data 13 de marzo de 2013.

Intervén a Voceira do Grupo Municipal do BNG a Sra. Díaz Iglesias e manifesta a situación de abandono e desprezo que a Xunta de Galicia mostra cara o sector da cultura que nun momento supuxo o 4% e agora hai facturas sen pagar. Nos concellos non hai dinamizacións que repercute claramente na veciñanza, non se realizan actuacións (teatros, musicais..) e se os hai tenos que asumir o concello o que supón un gran esforzo que en ocasións non podemos asumir. Sempre poñen de escusa a crise e realizan recortes. A Cidade da Cultura, non é o que dicían, non se realizan eventos culturais o único que agocha son edificios administrativos. Unha total despreocupación polo Xunta de Galicia xa que aínda foi no mes de marzo cando se nomeou ao director xeral do AGADIC .

A Voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores manifesta o acordo do seu grupo co texto da moción porque estamos en total desacordo co rebaixe do goberno de Galicia co orzamento de Cultura. Desvíanse os cartos a unha Cidade da Cultura, que a día de hoxe, non sabemos para que serve, isto soamente que ao PP, non lle interesa a veciñanza.

O Sr. Moldes Martínez, Voceiro do Grupo Municipal Popular manifesta que cando se trata de comparar orzamentos son moi distintos, cando o fai o PP son recortes pero cando fai o Concello de Poio é realizar previsións.

Todos os grupos parlamentarios por unanimidade acordaron paralizar as obras pendentes e os investimentos na Cidade da Cultura ata que a situación mellore.

Parece que aquí o único que fixo cousas foi o anterior goberno, xa se ve a situación na que deixaron o país.

Nos estamos de acordo en realizar investimentos en Cultura, pero non estamos de acordo con todo o texto da moción, xa que non están de acordo na demagogia, por iso imos a manter a abstención da sesión da Comisión de Cultura.

A Sra. Díaz Iglesias di que o anterior goberno deulle un gran pulo á Cultura galega realizando unha labor que podemos cualificar de excelente na que se realizaron grandes investimentos,

A Sra. Besada Lores, en alusións a herdanza recibida, dicir que cando entrou o Sr. Aznar estaba todo arruinado, pero vendeuse todo e gastouse. E agora, parecía que o ían solucionar todo nun día, pero o que están a facer é empeoralo todo e din que no 2014 todo vai ir peor. O resultado é que a clase media desapareza e os pobres sexan máis pobres e os ricos máis ricos.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e sometida a votación o ditame emitido pola Comisión de Cultura esta queda aprobada con 10 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 5 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a

- Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.

- Proceder a convocatoria urxente das diferentes redes de programación para o primeiro semestre de 2013 e iniciar a convocatoria da segundo semestre da programación da Agadic, negociando cos concellos e entidades representativas dar artes escénicas e musicais os criterios e requisitos das redes, e garantindo unha dotación que permita unha programación cultural non inferior a de convocatorias anteriores.

- Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música

producidos na Galiza co obxectivo de promover a distribución de produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadás galegos.

- Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando estes recursos á axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.

- Estabelecemento dun programa de bono-cultura, que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galiza nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos artísticos e culturais.

Segundo: Impulsar dende o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando as subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais á contratación de creadores, creadoras e artistas galegos.

3803.- CONTRATACIÓN, XESTIÓN RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.- Previa ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención, por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Unidade de Contratación en relación á prórroga do contrato de xestión de Residuos Sólidos Urbanos que remata o vindeiro 30 de marzo de 2013.

Informado polo Servizo de Contratación con data 12 de marzo de 2013 sométese a consideración da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 18 de marzo de 2013 na que mediante acordo número 11049 se prestou aprobación á autorización da prórroga prevista no prego por unha anualidade máis do contrato subscrito para a xestión do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos coa empresa “Cespa, SA”.

A Secretaria presente na sesión explica aos membros presentes que, a pesar que o expediente se someteu a consideración da Xunta de Goberno Local, é o Pleno da Corporación o órgano Colexiado ao que lle corresponde adoptar o acordo de prórroga por ser este mesmo órgano o que realizou a adxudicación do contrato no ano 2001.

Antes de proceder á votación, o Sr. Moldes Martínez pregunta cales son os motivos polos que non se procede á convocatoria dunha nova licitación.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que están a espera de que Deputación informe, pero que polos servizos do concello xa se están realizando os trámites correspondentes para proceder a unha nova convocatoria e que nun par de meses, traeranse os pregos para a nova contratación, xa que non estamos de acordo co sistema que pretende a Deputación, para a prestación deste servizo.

Sometido a votación e por 10 votos a favor (8 BNG e 2PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Autorizar unha nova prórroga para a xestión indirecta do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos en todo o municipio e transporte a centro de tratamento, limpeza viaria e desratización á empresa CESPA, SA ata o 30 de marzo de 2014.

Segundo: Notificar o presente acordo á empresa concesionaria con indicación dos recursos que procedan.

3804.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL EN RÚA IGREXA-COMBARRO.- Neste momento auséntase do Salón de Sesiões a concelleira D^a. Silvia Díaz Iglesias.

Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente tramitado en relación á modificación puntual do PXOM no eido dos terreos de propiedade do Arcebispado situados no contorno da rúa de Igrexa de Raxó.

Constan no expediente informes emitidos pola Arquitecta Municipal, Asesor Xurídico do Concello e Secretaria Xeral que din o seguinte:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente: "En relación á modificación puntual do PXOM no eido dos terreos propiedade do Arcebispado situados no contorno da rúa da Igrexa de Raxó, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

O 27/07/2011 informouse favorablemente o documento de inicio da modificación puntual do PXOM para a súa remisión ao o órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica.

O 27/02/2012 ten entrada a comunicación da decisión de non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica (AAE) coa que se xunta copia das observacións e alegacións recibidas durante o período de exposición pública do Documento de Inicio de Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

En decembro de 2012 redáctase o documento para aprobación inicial da modificación puntual do PXOM en Raxó.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

A modificación puntual do PXOM debe seguir o procedemento de formulación e tramitación indicados nos artigo 84º e 85º da LOUG (última redacción Lei 2/2010, do 25 de marzo).

Segundo o artigo 84º.6 da LOUG, recibido o documento ambiental de referencia, de conformidade co disposto no art. 8º da Lei 9/2006, do 28 de abril, elaborárase por este el informe de sostibilidade ambiental, atendendo ós criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidiu non someter a Avaliación Ambiental Estratéxica a modificación puntual.

Consta no expediente o estudo de impacto e integración paisaxística que formará parte do documento de modificación puntual do PXOM.

Segundo o art. 85º.1, terminada a fase de elaboración do planeamento e antes da súa aprobación inicial, os servizos técnicos e xurídicos municipais haberán de emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, tralo cal o expediente completo será remitido á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses.

Neste caso, a modificación puntual do PXOM resulta como consecuencia do informe da CMATI de 17/06/2009 en relación á consulta formulada pola secretaria xeral do Concello ao respecto da tramitación do proxecto urbanización dunha rúa de nova apertura no solo clasificado como urbano consolidado no PXOM vixente, informe no que se indica a procedencia da delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado segundo os artigos 112º e 113º da LOUG.

Tal e como se informou para o documento de inicio, a modificación puntual do PXOM ten por obxecto a delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado segundo establece a alínea c) da Disposición Transitoria Primeira da LOUG, do réxime de aplicación a municipios con planeamento adaptado á

Lei 1/1997, segundo a cal *no caso de terreos non incluídos en polígonos e merezan a condición de solo urbano non consolidado segundo a Lei, deberá de procederse á delimitación do polígono de acordo co procedemento establecido polo art. 117º da LOUG.*

O eido do polígono é a finca de referencia catastral 0348029NG2904N0001LX, de 15534m², que é propiedade do Arcebispado de Santiago de Compostela.

A ordenación remítese á redacción dun plan especial de reforma interior (PERI) que deberá de ter por obxecto as atribucións do art. 70º da LOUG. En dito PERI deberá de concretarse na ordenación, e xustificarse, o cumprimento do art. 46º e do art. 47º da LOUG.

No apartado 6 da memoria da modificación puntual do PXOM indícase que a actuación proposta ten como obxectivo *desenvolver as previsións do PXOM no eido do solo urbano* e que *non se establece alteración ningunha sobre as normas aplicables que serán, para cada tipo de ordenanza que recolla o PERI, as establecidas no propio PXOM.* De aquí se desprende que no PERI respectarase a ordenación proposta no PXOM co obxectivo de completar a trama definida nos planos de usos pormenorizados do solo urbano de Raxó.

Na modificación puntual do PXOM establécese como sistema de actuación previsto para o desenvolvemento do polígono o sistema de cooperación (art. 127º da LOUG). Segundo este sistema, os propietarios achegan o solo de cesión obrigatoria e a administración executa as obras de urbanización con cargo a estes.

O sistema de actuación deberá de incluírse obrigatoriamente no PERI que conteña a ordenación detallada do solo urbano non consolidado, si ben é susceptible de ser modificado mediante o procedemento do art. 127º.2 da LOUG.

INFORME

Polo exposto, informo que o *documento para aprobación inicial da modificación puntual do PXOM en rúa da Igrexa de Raxó*, cumpre as previsións da LOUG para ao seu sometemento a informe previo da consellería competente en materia de urbanismo de acordo co art. 85º1 LOUG."

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello e que di: " Visto o proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, delimitación de polígono, documento para aprobación inicial, promovido polo Concello de Poio e redactado pola arquitecto municipal Patricia Araujo Pazos, en decembro de 2012 e estudo de impacto de integración paisaxística de dita modificación puntual, de decembro de 2012, dun polígono cunha extensión superficial de 15.534m², situado en rúa Igrexa – Raxó, Poio, e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, o Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio e o Decreto 20/2011, de 10 de febreiro polo que se aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), e, informo o seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 28 de decembro de 2012, a arquitecto municipal do Concello de Poio, que actúa como órgano promotor, redacta o documento para aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal en rúa da Igrexa, de Raxó, cuxo documento é de data decembro de 2012 e cuxo obxecto é a delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado, non previsto no Plan Xeral, dunha parcela de 15.534m², propiedade do Arzobispado de Santiago de Compostela, igresario de Raxó, cuxa finca non está afectada pola servidume de protección de costas, polo que non é necesario informe previo nin de Costas do Estado nin de Costas da Xunta, indicándose en dito informe os trámites realizados neste expediente, referentes ó documento de inicio e os informes emitidos pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que decidiu non someter esta modificación puntual ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica e constando igualmente no expediente o estudo de impacto e integración paisaxística, de decembro de 2012, que formará parte do documento de modificación puntual do Plan Xeral a que se refire este expediente, como anexo ó documento de modificación puntual, terminando informando que este documento para aprobación inicial, cumpre as previsións da Louga para o seu sometemento a informe previo da Consellería

competente en materia de urbanismo.

Igualmente, no informe da técnico municipal indícase que na modificación puntual do Plan Xeral, establécese como sistema de actuación previsto para o desenvolvemento do polígono o sistema de cooperación, no cal os propietarios achegan o solo de cesión obrigatoria e a administración executa as obras de urbanización con cargo a estas.

Indicando así mesmo que o sistema de actuación deberá de incluírse obrigatoriamente no Plan Especial de Reforma Interior que debe aprobarse con posterioridade a esta modificación puntual e que conterà a ordenación detallada do solo urbano non consolidado, podendo modificarse o sistema de actuación mediante o procedemento do artigo 127.2 da Louga.

SEGUNDO.- En canto ó documento da modificación puntual do Plan Xeral para aprobación inicial co seu Anexo de Estudo do Impacto de Integración Paisaxística, de decembro de 2012, e que ten por obxecto a delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado, desde o punto de vista xurídico infórmase favorablemente o mesmo ós efectos da súa remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, conxuntamente co expediente completo tramitado no Concello, para que emita o informe correspondente previo á aprobación inicial, de conformidade co artigo 85.1 da Louga.

TERCEIRO.- En canto á elección do sistema de actuación para o desenvolvemento e execución do polígono, debe terse en conta o previsto no artigo 127.1 da Louga que establece o seguinte:

“O municipio existirá o sistema de actuación aplicable tendo en conta as características e complexidades da iniciativa que se vai desenvolver, os medios cos que conte, a colaboración da iniciativa privada e as demais circunstancias que concorran”.

E o artigo 134.1, establece o seguinte:

“No sistema de cooperación os propietarios achegan o solo de cesión obrigatoria, e a administración executa as obras de urbanización con cargo a eles”.

E por último, para a elección do sistema adecuado debe a Corporación ter en conta o previsto no artigo 154 que di:

“No sistema de compensación, os propietarios achegan os terreos de cesión obrigatoria, realizan á súa custa a urbanización nos termos e condicións que se determinen no plan e constitúense en xunta de compensación”.

Por todo isto, informo que, debe ter en conta a Corporación municipal os preceptos legais citados, para incluír cando se redacte o PERI, o sistema de actuación que se considera máis conveniente para o desenvolvemento do polígono, propoñendo esta asesoría que se elixa o sistema de compensación, no cal o propietario único dos terreos incluídos no polígono aportaría os terreos e executaría todas as obras de urbanización, baixo a fiscalización e control do Concello, tal como se viñeron executando os demais polígonos previstos no Plan Xeral.

Por todo isto, informo favorablemente o documento para aprobación inicial co seu Anexo de Estudo de Integración Paisaxística, de decembro de 2012, para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e acordo do pleno do Concello, remitíndose á Consellería copia autenticada do expediente completo tramitado no Concello, solicitando o informe previo á aprobación inicial da modificación puntual, cuxo informe da Xunta deberá ser emitido no prazo de dous meses e transcorrido este prazo sen que se houbera comunicado o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse co expediente de aprobación polo pleno da modificación puntual.”

Informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello e que di: *“Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte*

INFORME

Antecedentes de feito.

- Convenio urbanístico nº 24 incorporado ao PXOM do Concello de Poio.
- Anteproxecto de modificación puntual ou documento de inicio para os efectos da realización do trámite de avaliación ambiental estratéxica redactado en maio de 2011 por A.D.I.U., S.L.P..
- Informe do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de 17 de xuño de 2009.
- Informe da arquitecto municipal de 27 de xullo de 2011.
- Informe do asesor xurídico de 2 de agosto de 2011.
- Informe de secretaría de 23 de novembro de 2011.
- Comunicación da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se pon en coñecemento do concello a innecesariedade de someter o documento a avaliación ambiental estratéxica xunto coas observacións e alegacións recibidas durante o período de exposición pública do documento de inicio de Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.
- Documentación para aprobación inicial de data decembro 2012.
- Informe da arquitecto municipal de 11 de marzo de 2013.
- Informe do asesor xurídico vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.

Consideracións xurídicas.

1. O presente informe ven a complementar o xa sinalado con data 23 de novembro de 2013, tendo en conta a fase procedimental e documentación incorporada ao expediente. Desta forma, de conformidade co establecido no art. 85.1º LOUGA, rematada a fase de elaboración da modificación do PXOM, cumpre emitir novo informe sobre a adecuación da mesma coa lexislación vixente.

2. Para os efectos de verificar a suficiencia documental á que se refire o art. 61.1º LOUGA ao que remite o art. 93.4º, das posibles opcións previstas no art. 55 LOUGA, o concello opta por remitir a ordenación detallada a un plan especial de reforma interior (PERI), debendo en tal caso contemplar as determinacións que acolle o parágrafo segundo do referido art.:

- a) Delimitación do ámbito do plan especial de reforma interior.
- b) Determinación de usos globais, tipoloxías edificatorias, altura máxima e superficie total edificable.
- c) Fixación da contía das reservas mínimas do solo para dotacións urbanísticas que haberá de prevér o plan especial.
- d) Previsión dos sistemas xerais necesarios, no seu caso, para o desenvolvemento do plan especial.

No expediente obra:

- Documento-memoria que comprende: antecedentes; situación actual; normativa vixente; tramitación e proposta de actuación (plano de situación; plano da finca; delimitación do polígono de actuación e plano de ordenación segundo PXOM)

- Anexo-estudo de impacto de integración paisaxística da modificación puntual do PXOM do Concello de Poio.

Ante posibles ausencias das determinacións de referencia, no informe da arquitecto municipal respecto do contido da documentación incorporada á memoria indícase:

"O eido do polígono é a finca de referencia catastral 0348029NG2904N0001LX, de 15534m², que é propiedade do Arcebispado de Santiago de Compostela.

A ordenación remítese á redacción dun plan especial de reforma interior (PERI) que deberá de ter por obxecto as atribucións do art. 70º da LOUG. En dito PERI deberá de concretarse na ordenación, e xustificarse, o cumprimento do art. 46º e do art. 47º da LOUG.

No apartado 6 da memoria da modificación puntual do PXOM indícase que a actuación proposta ten

como obxectivo *desenvolver as previsións do PXOM no eido do solo urbano* e que *non se establece alteración ningunha sobre as normas aplicables que serán, para cada tipo de ordenanza que recolla o PERI, as establecidas no propio PXOM*. De aquí se desprende que no PERI respectarase a ordenación proposta no PXOM co obxectivo de completar a trama definida nos planos de usos pormenorizados do solo urbano de Raxó."

Pese a que nada se indique non se reflicte dato ningún en orde ao establecido no art. 61.1º g) e i) LOUGA, debendo ser xustificado en todo caso con motivo da aprobación do PERI, se ben na forma xa comentada no previo informe de secretaría, dentro dos posibles sistemas de actuación, o proxecto de modificación escolle xa o sistema de cooperación.

3. En relación ao disposto no art. 94.2º LOUGA, pese a que se está a tramitar unha revisión do PXOM, non se ten acadado a fase de aprobación inicial.

Non consta no expediente informe sectorial ningún. A consideración segunda do informe do asesor xurídico xustifica a innecesariedade do informe previsto na normativa en materia de costas xa que "...finca non está afectada pola servidume de protección de costas, polo que non é necesario informe previo nin de Costas do Estado nin de Costas da Xunta ...". Debe interpretarse que por non afectar a estrada ningunha de titularidade estatal tampouco se ten solicitado o informe ao que se refire o art. 15.4º da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia e 21.1º do Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, que a desenvolve.

Con ocasión da realización do trámite previsto no art. 84.5º LOUGA, realízanse determinadas alegacións por parte de Augas de Galicia sobre a dispoñibilidade de recursos para os servizos de abastecemento e saneamento para os que a memoria realiza xustificación sobre a súa suficiencia aínda que non se incorpora informe do enxeñeiro municipal.

Sobre o seguimento e adaptación a outra normativa de directa aplicación (DOT, POL...), deberase estar ao disposto no Anexo Estudo do impacto de integración paisaxística da modificación puntual do PXOM.

Con carácter previo á aprobación inicial do expediente de modificación polo pleno (art. 22.2º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local), deberase solicitar o informe previo da administración autonómica na forma analizada no informe do asesor xurídico.

Interesa destacar que dito informe ten carácter preceptivo e vinculante cando menos nas materias ou ámbitos relacionados no art. 89.5º LOUGA, debendo a xuízo desta informante, emendar todas as deficiencias que no seu caso poña de manifesto dito informe, antes da adopción do correspondente acordo plenario."

A Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 26 de marzo de 2013 informou favorablemente o proxecto de modificación puntual e que se pase ó Pleno da Corporación do Concello para a remisión do proxecto á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ós efectos de que emitan o correspondente informe previo á aprobación inicial do mesmo ademais, respecto do sistema de actuación para o desenvolvemento e execución do polígono, esta Comisión considera máis conveniente é por compensación

Neste momento entra no Salón de Sesións a Concelleira D^a. Silvia Díaz Iglesias.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e en virtude do disposto no artigo 22 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo

adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar de conformidade co establecido no art. 85.1º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o informe previo á aprobación inicial da modificación puntual do PXOM en rúa Igrexa, Raxó, promovida polo Concello, remitindo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras copia autenticada do expediente completo con indicación expresa do cambio de sistema de actuación previsto no documento, cooperación, polo distinto de compensación (arts. 154 e seguintes da referida Lei).

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3805.- PROXECTO CONSTRUTIVO “NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E Á SÚA RÍA (MARXE DEREITA).- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do informe emitido polo Enxeñeiro Municipal de data 19 de marzo de 2013 e que di o que segue: “Asunto: Informe del proyecto constructivo “ Nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (margen derecha)”

Interesado: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente – Dirección General del Agua – Subdirección General de Infraestructuras y Tecnología.

Expediente: 12 / R 6.277

Antecedentes: Con fecha: 20 de diciembre de 2012 con número de registro 6.277 tiene entrada en el Concello escrito de la Dirección General del Agua del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, con fecha 5 de diciembre de 2012 se ha acordado la incoación del expediente de información pública del proyecto constructivo “nuevo Abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (Margen derecha)”, a tal efecto se publicó el correspondiente anuncio en el B.O.E con fecha 22/12/2012 y en el B.O.P de Pontevedra

Con fecha 2/01/2013 se publicó en el tablon de anuncios del Ayuntamiento de Poio , pasado el plazo de 20 días de las respectivas fechas no consta en el registro en este Ayuntamiento formulación alguna de alegaciones.

Con fecha 20/02/2013 desde el Concello de Poio se le requirió a Acuanorte lo siguiente:

Autorizaciones o informes que en al ámbito urbanístico o en aplicación de la legislación sectorial se hayan tenido que recabar de los distintos Organismos u Administraciones competentes en relación a las actuaciones contempladas en el proyecto. Así mismo, si ha habido variaciones de fase anteproyecto a la de proyecto de ejecución, deberán las nuevas autorizaciones o informes sectoriales o en su caso, justificación adecuada, de su innecesariedad.

Debido al nuevo sistema que se quiere implantar en la arteria de principal de Poio, con el sistema CLOSE-FIT con pozos de ataque cada 150 m y el mismo nos da cierta preocupación por la alta inversión a realizar y desconocemos los resultados, deberán enviar antes del inicio de las obras una relación y ubicación de obras anteriores donde se ha utilizado este sistema.

Con Fecha 07/03/2013 con número de registro 1171 tiene entrada en el Concello escrito de Acuanorte en respuesta a los requerimientos solicitados por el Concello con fecha 20/02/2013 informando lo siguiente:

1.) La Actuación nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (margen derecha) fue declarada de interes general del estado en virtud del por el art. 36 de la Ley 10/2001, de 5 de Julio, del Plan Hidrológico Nacional, al estar incluido en el anexo de inversiones.

2.) Esta actuación por tanto, goza de las prerrogativas que se determinan en el artículo 127 del Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el cual se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Aguas:

Artículo 127, prerrogativas de la obra hidráulica de interés general.

1.- Las obras hidráulicas de interés general y las obras de actuaciones hidráulicas de ámbito supramunicipal, incluidas en la planificación hidrológica y que no agoten su funcionalidad en el término municipal en donde se ubiquen, no estarán sujetas a licencia ni a cualquier acto de control preventivo municipal a los que se refiere el apartado b del apartado 1 del art. 84 de la Ley 7/1995, de 2 de abril, reguladora de Régimen Local.

2.- Los Organismos Urbanísticos competentes no podrán suspender la ejecución de las obras a las que se refiere el párrafo primero del apartado anterior, siempre que se haya cumplido el trámite del informe previo, esté debidamente aprobado el proyecto técnico por el órgano competente, las obras se ajusten al dicho proyecto o a sus modificaciones y se haya hecho la comunicación a que se refiere el apartado siguiente.

3.-El informe previo será emitido, a petición del Ministerio de Medio Ambiente o sus organismos Autónomos, por las Entidades Locales afectadas por las obras. El informe deberá pronunciarse exclusivamente sobre aspectos relacionados con el planeamiento urbanístico y se entiende favorable si no se notifica en el plazo de un mes.

3.) El Ministerio de Medio Ambiente deberá comunicar a las Entidades Locales afectadas la aprobación de los Proyectos de las obras públicas hidráulicas a que se refiere el apartado 1, a fin de que se inicie, en su caso, el procedimiento de la modificación del planeamiento urbanístico municipal para adaptarlo a las nuevas infraestructuras e instalaciones, de acuerdo con la legislación urbanística que resulte aplicable función de la ubicación de la obra.

Por otro lado y en relación con las referencias que se solicitan sobre la técnica constructiva (Close-Fit) elegida para la reparación de la denominada arteria de Poio se adjunta informe redactado por el departamento de Proyectos y Obras de la Sociedad Estatal que pretende dar respuesta a lo solicitado.

En relación al proyecto constructivo “ nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (margen derecha) el cual figura en el anexo II del Plan Hidrológico Nacional aprobado por la Ley 10/2001, de 5 de Julio, siendo declarada de interés general del Estado en el art. 36 de la misma. Se informa lo siguiente:

El presente Proyecto tiene por objeto el diseño de las infraestructuras necesarias para desarrollar las actuaciones prioritarias recogidas en el programa de inversiones del documento “Estudio de Alternativas para el nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría”.

En base al citado proyecto, AcuaNorte convoca un concurso para la contratación conjunta de la redacción del Proyecto y Ejecución de las obras del “Nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (margen derecha)”, clave ACN11/10.P2 y ACN11/10.O1. Las obras previstas en el citado proyecto y que conforman el presente documento recogen las actuaciones contempladas en el último borrador del Convenio entre Acuanorte y los Concellos implicados y recogidas en el Anteproyecto “Abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (Margen derecha)” clave ACN11/10 P3.

El consejo de administración de Acuanorte, en su reunión del 27 de septiembre de 2012, adjudica a la U.T.E. TEDAGUA- Vías y Construcciones la “Redacción del proyecto y ejecución de las obras del Nuevo abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (margen derecha)”.

La Sociedad Estatal Aguas De Las Cuencas del Norte, S.A (AcuaNorte) se ha encargado de realizar todas las autorizaciones y tramites pertinentes para el desarrollo del proyecto y obra.

Por resolución de la Dirección General del Agua del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, con fecha 5 de diciembre de 2012 se ha acordado la incoación del expediente de información pública del proyecto constructivo “nuevo Abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (Margen derecha)”, a tal efecto se publicó el correspondiente anuncio en el B.O.E con fecha 22/12/2012 y en el B.O.P de pontevedra y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Poio con fecha 2/01/2013, pasado el plazo de 20 días de las respectivas fechas no consta en el registro en este Ayuntamiento formulación alguna de alegaciones.

El presente proyecto tiene sus actuaciones en los Municipios de Pontevedra, Poio y Sanxenxo. Las obras que afectan al termino municipal de Poio están contempladas en el proyecto como renovación de arteria de Poio- Sanxenxo y la renovación de la arteria de Poio.

Las obras a realizar en el termino municipal de Poio no afectan al planeamiento Municipal de Poio en Vigor, ya que se trata de una renovación de la red existente bajo la calzada de las dos Carreteras que actualmente se encuentra(PO-308 y PO-351), no ocupando terrenos fuera de las mismas, ni ejecutando alguna otra estructura que pueda incidir en la modificación del planeamiento, se trata de una renovación de servicio que actualmente existe.

RENOVACIÓN DE LA ARTERIA DE POIO+SANXENXO

La arteria general para el abastecimiento común de los municipios de Poio y Sanxenxo, consiste en una tubería de fibrocemento de 350 a 500 milímetros de diámetro nominal que discurre íntegramente bajo el arcén o carril de circulación de las carretera PO-308 y PO-531 titularidad de Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de la Xunta de Galicia a lo largo de su travesía por el casco urbano de Poio.

La actuación prevista contempla la renovación de la tubería principal de abastecimiento a Poio y Sanxenxo, de fibrocemento de 500 mm de diámetro entre la zona del Cuartel de la Guardia Civil de Poio, junto a la autovía E1 del Atlántico y la Parroquia Salvador de Poio.La longitud total a renovar es de de unos 1.988 metros.

Como complemento al trabajo de renovación de la tubería DN500, se procederá a la renovación de la tubería de distribución domiciliaria que discurre en paralelo en una longitud de 1540 metros. Esta tubería está constituida por un tramo de 120 metros de PVC-125, un tramo de 691 metros de tubería de 100 mm de FC, y un tramo de 605 metros de tubería de 200 mm de FC.

RENOVACIÓN DE LA ARTERIA DE POIO.

La arteria principal de Poio actual consiste en una conducción de fibrocemento de 350 milímetros de diámetro nominal que discurre bajo el arcén o carril de circulación de la carretera PO-308 de Pontevedra a La Lanzada titularidad de Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de la Xunta de Galicia , en el tramo que va desde el depósito existente de Albar hasta el límite del término municipal entre Poio y Sanxenxo. La tubería objeto de renovación tiene una longitud total de 10.145 m,

Con el fin de evitar afecciones tanto al tráfico como a los otros servicios existentes en la zona, para la renovación de la arteria principal de Poio se prevé la utilización del sistema de entubado ajustado o DIETEC CLOSE-FIT, con pozos de ataque separados 400-500 metros: Se plantea la instalación mediante este sistema de tubería de Polietileno de Alta Densidad PE-100 de 350 mm de diámetro exterior con SDR 17 (PN10).El sistema DIETEC, basado en la reducción de sección por elongación, utiliza tubería de PE con diámetro exterior ligeramente mayor que el diámetro interior de la tubería a renovar. Durante el proceso de instalación, la tubería de polietileno es traccionada a través de un molde o troquel(en ingles denominado DIE) para reducir

temporalmente su diámetro interior.

Esta reducción permite que el tubo de PE sea fácilmente traccionado a través de la tubería mediante un equipo hidráulico o un cabrestante. Cuando la fuerza de tracción es retirada, el PE comienza a recuperar su diámetro original.

Sin embargo, antes de que la tubería se relaje completamente, se ajusta al interior de la tubería original, eliminando completamente el espacio anular. Normalmente, el anillo se reduce temporalmente el diámetro de la tubería de PE entre un 10 y un 15%

Los procedimientos de renovación de tubería sin zanja se llevan empleando en el Reino Unido y otros países de Europa desde hace varias décadas. En la actualidad se está desarrollando una actuación para la renovación de 60Km del sistema de abastecimiento de agua a Liverpool, que suministra un volumen de 210.000m³/día a una población de 900.000 hab.

Si bien en España estos métodos no se han utilizado de forma habitual.

El proyecto constructivo contempla en el anejo 22 plano 12.5 del Parcelario y relación de bienes afectados, renovación Poio y Poio – Sanxenxo la ocupación temporal de parcelas privadas para el acopio de material a emplear en obra.”.

Consta no expediente dictamen favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 26 de marzo de 2013.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación coas atribucións conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local aprobou o dictamen emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 26 de marzo de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- De conformidade co establecido no art. 127.2º do Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, informar favorablemente o proxecto constructivo “Nuevo Abastecimiento de agua a Pontevedra y su ría (Margen derecha)”

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Dirección General del Agua.

3806.- RATIFICACIÓN ACORDO NÚM. 11045 ADOPTADO POLA XGL EN RELACIÓN Á PROPOSTA DA ALCALDÍA CONTRA A SUPRESIÓN DE OFICINAS DA ENTIDADE FINANCEIRA NOVAGALICIA BANCO NO CONCELLO DE POIO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación do acordo número 11045 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 18 de marzo de 2013 polo que se acordou instar a Novagalicia Banco para que manteña abertas as oficinas que actualmente existen no Concello de Poio pola intención da entidade financeira de pechar distintas oficinas no termo municipal, o que conlevará numerosas molestias aos veciños que se verán obrigados a desprazarse e utilizar distintos medios de transporte para poder recibir os servizos que ata o de agora viñan prestando con absoluta normalidade nas referidas oficinas.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou ratificar o acordo núm. 11045 instando a Novagalicia Banco para que manteña abertas as oficinas que actualmente existen no Concello de Poio.

MOCIÓN URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.- Non se producen,

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e vinte minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria acctal, dou fe.